

A AELG e o Consello da Cultura Galega homenaxean a Xela Arias

Montse Dopico 03/03/2014



Xela Arias

“É o momento de lembrar a Xela, unha década despois do seu pasamento, na cidade en que viviu, nas voces que darán a dimensión extensa da súa personalidade, activa e curiosa, polifacética, que sumou poesía e música e plástica e creou arte. Xela poeta, tradutora, editora, docente... Xela comprometida alzando a súa voz contra a catástrofe do Prestige ou describindo a dor das desherdadas ou o amor das nais”. A Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG) presenta con estas palabras a homenaxe a Xela Arias que celebrará o vindeiro 11 de marzo a partir das 19:00 horas no IES Álvaro Cunqueiro, en Vigo.

‘Á procura dos trazos que nos describan’ é o verso de Xela Arias que a AELG escolleu para nomear este acto. “Homenaxear a Xela Arias”, explica esta asociación na súa web, “é testemuñar que se tratou dunha autora singular para o seu tempo. É render homenaxe a unha voz única e a unha muller para quen a literatura foi un modo de vida. Unha muller que sentía e amaba a súa lingua, a terra e o pobo que creou esa lingua”.

Tamén o Consello da Cultura lembrará a Xela Arias o vindeiro 26 de marzo. Será nunha xornada dedicada a ela e á outra escritora galega preaturamente falecida por volta dos 2000, Luísa Villalta. Dúas autoras “representativas da progresión que desde mediados dos anos 80 supuxo a presenza das mulleres como axentes, referentes e xestoras culturais no país. Unha e outra, desde as súas localizacións prioritarias en Vigo e A Coruña, participaron en intervencións colectivas, promoveron iniciativas, exploraron relacións interculturais a través da tradución e doutras vías experienciais e discursivas e sentiron, ademais, a atracción por indagaren nos espazos intersticiais en que as diferentes artes converxen por uns ou outros motivos e derivas”, explica o

Consello na súa web.

A xornada analizará “os seus respectivos perfís estético, intelectual e político”, así como “as súas poéticas persoais”, ademais da “vixencia do discurso literario e intelectual de Luísa Villalta e Xela Arias. A xeito dun laboratorio de prácticas no espazo interartes preséntanse, por unha banda, proxectos en que traballaban ambas as autoras cando a morte se lles presentou sen previo aviso e, por outra, intervencións encomendadas a outras artistas sobre a poesía escrita polas poetas coruñesa e luguesa”.

Sobre a autora



Montse Dopico

M_ é un Magazine cultural galego realizado por Montse Dopico, xornalista cultural que escribe, na actualidade, en Praza Pública, Luzes e Faro de Vigo.

Anteriormente ten traballado para diferentes medios como Galicia Hoxe, El País ou El Mundo.